

Pilar Pallarés (Culleredo, A Coruña, 1957)

**Obra poética:** *Entre lusco e fusco*, 1980. *Sétima soidade*, 1984.  
*Livro das devoracións*, 1986.

No resplandor das horas  
son o escriba sentado  
e agardo a que o día esqueza  
na miña tabuleta  
un risco diagonal, o rosto dun efebo,  
algo de sangue e espécias,  
o aroma da artemisa,  
as coxas imantadas dunha muller que danza.

Inábil para a vida,  
transcrevo o que me excede,  
fixo en trazos esguios o amor e os seus detritos,  
a contracción das bocas no leito e na batalla,  
as pupilas dos gatos.

Que os deuses me perdoen a renúncia  
ao caudal da existencia:  
deixo escoar as águas entre os dedos  
e a miña xuventude,  
e en tanto dilapido os meus minutos  
reteño outras historias,  
acaparo outros corpos  
e aos seus membros precários dou a forma do eterno.

Quizais un día futuro,  
cando as fauzes do tempo  
tiveren devorado a miña carne  
e a dos vermes da miña carne  
e a xerazón seguinte,  
alguén descorra o pó da tabuleta  
e no fulgor extinto dos seus signos  
me descifre,  
para saber que eu fun o efebo e a donzela,  
o elmo do guerreiro,  
a raiz da artemisa,  
a sede do felino,  
o crisantemo.

(De *Livro das devoracións*)

Luísa Villalta (A Coruña, 1957)

**Obra poética:** *Múscia reservada*, 1991. *Rota ao interior do ollo*, 1995. *Ruído*, 1995. «Estudo das sombras», en *Revista Iberorrománica de Poesía*, UNED, Madrid, 1998.

ACABAREI por facer do poema a biografía,  
 atar os días a xeito de tercetos encadeados  
 e espetar-lle ao mundo que si, que é posíbel  
 viver como vive a poesía, voar de aquí a alá  
 nalgo tan sutil e ao mesmo tempo tan exacto.  
 Mais que voar, aterro  
 aterro nesta terra que me aterra  
 con todo o meu amor nun puño e nun instante  
 atiforrado de palabras, palabras de min mesma,  
 na man esquerda, que tantas veces ondeou até cravar-se  
 con docísimas ternuras no ollo temeroso e cego  
 do cíclope tempo mórbido, alcohol e demais (era a época)  
 misturando-se entre o vómito e a esperanza.  
 Época que persevera en min e na conciencia,  
 na amizade, iso, na amizade, ese animal violento  
 engaiolando para sempre os corazóns-comisaria,  
 os corazóns da terra, o día, a noite,  
 a lembranza, unha historia transmitida.  
 Agora hai outra man, e haberá outra na outra,  
 un brazo en outro até outra aurora,  
 a compartir no mesmo cónclave o pan e o viño  
 e todos, sobre todo, a mesma mente como un río.

(De *Ruído*)

Gonzalo Navaza (Lalín, Pontevedra, 1957)

**Obra poética:** *Fábrica íntima*, 1991. *A torre da derrotA*, 1992.

### ROSA COMÚN

Eu que crin ter nas mans esa flor prodixiosa  
que só florece un día na existencia dos homes,  
conservo o seu perfume cando pronuncio a rosa  
que orballa o vapor dos arcanos dos nomes.

Se te busco na sombra pra que dances comigo  
o son con que soñamos, alto, intenso, profundo,  
é por darche esa flor en cantares de amigo  
que dilatan o mundo.

Para ti que compléta-lo cosmos co hemisferio  
de cóncavo atender ós sinos do meu canto  
cultivo con amor esa flor do misterio  
que ilumina o vivir e agarima no pranto.

Unha flor de palabras, palabras simplemente,  
debuxada pra ti sobre o leito da area  
para ti que compartes comigo este presente  
que axiña ha de esvaerse cando encha a marea.

(De *Libra*, inédito)